

**EXAME PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE ATENCIÓN PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á
INFANCIA (P.A.I) DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO**

- | |
|--|
| • Marcar a resposta correcta cun " X". No caso de querer corrixir unha pregunta só servirá a que estea marcada cun "X" |
| • Dúas respostas incorrectas anulan unha resposta correcta |
| • As respostas en branco non se contan. |
| • Non escribir ningún dato persoal no exame. |
| • Utilizar bolígrafo azul ou negro. |

1. A Constitución Española ocúpase de protexer á familia e aos nenos dada a súa importancia esencial na sociedade. Así establece que os poderes públicos han de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Igualmente terán que asegurar a protección integral dos fillos e das nais.
 - a) Artigo 37.
 - b) Artigo 39.
 - c) Artigo 51.
 - d) Artigo 22.

2. Entre as funcións do Parlamento de Galicia non está:
 - a) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
 - b) Solicitar ao Goberno a adopción de proxectos de Lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de Lei.
 - c) Esixir, no seu caso, responsabilidade xurídica á Xunta e ao seu Presidente.
 - d) Controlar a acción executiva da Xunta, aprobar os presupostos e exercer as outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo Estatuto e polas Leis do Estado e as do Parlamento de Galicia.

3. Son obxectivos do sistema galego de Servizos Sociais,
 - a) Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade.
 - b) Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade, persoas con adicións e a persoas maiores.
 - c) Ningunha é correcta.
 - d) Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas outras persoas que se atopen en situación de conflito ou de desamparo.

4. Os distintos logros evolutivos que van acadando os nenos e as nenas os primeiros anos ocorren:
- a) Na mesma orde e na mesma idade en todos os nenos.
 - b) En distinta orde e na distinta idade segundo os nenos.
 - c) Na mesma orde pero pode haber variacións na idade.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
5. O sentido menos desenrolado do bebé no momento do nacemento é:
- a) O oído.
 - b) A vista.
 - c) O tacto.
 - d) O olfacto.
6. Os estímulos visuais preferidos polos bebés son:
- a) Os que mostran figuras complexas.
 - b) Os que mostran estáticos.
 - c) Os rostros humanos.
 - d) Todas son correctas.
7. Os nenos son capaces de utilizar a pinza (dedos índice e polgar) para agarrar obxectos:
- a) Dende o momento do nacemento.
 - b) Entre os 4 e 6 meses.
 - c) Entre os 9 e 12 meses.
 - d) Aos 2 anos.
8. O desenrolo do pensamento dun neno de cero a tres anos:
- a) Está moi ligado ao seu desenrolo perceptivo e motor.
 - b) Está moi relacionado co seu desenrolo físico.
 - c) Só ten lugar se o neno ou nena está escolarizado.
 - d) Todas as opcións son correctas.
9. A aula de preescolar pode proporcionar un:
- a) Conxunto de experiencias.
 - b) Conxunto de condicións.
 - c) a e b son correctas.
 - d) Ningunha é correcta.
10. A sala de psicomotricidade, ¿é necesaria e convinte?
- a) Si.
 - b) Non.
 - c) Depende dos centros.
 - d) Ningunha é correcta.

11. A temporización das actividades debe terse en conta en todo o proceso de programación:
- a) Sempre.
 - b) Algunhas veces.
 - c) Nunca.
 - d) Ningunha é correcta.
12. A que idade adquire o neno ou nena a destreza mínima para empregar garfo e culler?
- a) Entre o ano e medio e os dous anos.
 - b) Entre os dous e os tres anos.
 - c) Entre os tres e os catro anos.
 - d) Entre os catro e os cinco anos.
13. ¿ A que idade se lle pode dar xa ao bebé leite de vaca enteira?
- a) Aos 10 meses.
 - b) Aos 6 meses.
 - c) Aos 3 meses.
 - d) Aos 8 meses.
14. Para os menores de 1 ano, a ratio é de 1/8?
- a) Correcto.
 - b) 1/4.
 - c) 1/3.
 - d) 1/5.
15. Cremalleiras, gomets, e espellos, son materiais que se utilizan en psicomotricidade grossa?
- a) Soamente gomets.
 - b) Soamente cremalleiras.
 - c) Soamente o espello.
 - d) Ningunha é correcta.
16. Para favorecer a limpeza autónoma de mans e cara por parte do neno é importante que:
- a) O lavado estea a altura axeitada.
 - b) Coloquemos un espello onde o neno poda verse cara cando se estea lavando.
 - c) O xabón que utilizemos sexa neutro para que non escoza os ollos.
 - d) Todas son correctas.
17. As primeiras prendas que aprenderá a pórse o neno e a nena son:
- a) Os pantalóns.
 - b) Os guantes.
 - c) As camisas abotoadas.
 - d) A roupa interior.

18. Para realizar un bo control de esfínteres é necesario implicar:
- a) Ao profesor-titor.
 - b) Ao educador.
 - c) Aos pais.
 - d) Todas son correctas.
-
19. O proceso para controlar os esfínteres realízase da seguinte maneira,
- a) Primeiro contrólase o pipí e despois a caca.
 - b) Primeiro contrólase a caca e despois o pipí.
 - c) O control debe levarse paralelamente xa que ao principio o neno non sabe se vai a facer unha cousa ou outra.
 - d) Ningunha é correcta.
20. Son necesidades fisiolóxicas:
- a) O sono.
 - b) A hixiene.
 - c) A nutrición.
 - d) Todas son correctas.
21. Cal é unha das patoloxías máis frecuentes na infancia?
- a) Bronquite.
 - b) Neumonía.
 - c) Otites media.
 - d) Arrefriado común.
22. Ante un neno que presenta un vómito, que non debe facerse?
- a) Deixalo a dieta absoluta polo menos durante unha ou dúas horas.
 - b) Darlle un antiemético inmediatamente.
 - c) Colocar a cabeza do neno para un lado.
 - d) Cando se vaia dar alimento de novo comezar con auga azucrada, manzanilla ou auga bicarbonatada.
23. O período de contaxio da varicela esténdese:
- a) Dende unha semana antes da aparición do exantema ata 10 día antes despois da aparición do mesmo.
 - b) Dende dous días antes da aparición do exantema ata 6-7 días despois da aparición do mesmo.
 - c) Dende unha semana antes da aparición do exantema ata 2-3 días despois da aparición do mesmo.
 - d) Dende dous días antes da aparición do exantema ata 2-3 días despois da aparición do mesmo.

24. Ante unha emerxencia sanitaria, a orde na que se deben valorar as funcións vitais son:
- a) Primeiro a consciencia, logo a respiración e despois a circulación.
 - b) Primeiro a respiración, logo a circulación e finalmente a consciencia.
 - c) Primeiro a circulación, logo a conciencia e despois a respiración.
 - d) Primeiro a consciencia, logo a circulación e finalmente a respiración.
-
25. Con respecto ao afogamento ou "caseafogamento", sinala o falso:
- a) É unha causa frecuente de morte accidental nos nenos, especialmente nos grupos de 1-3 anos e 8-12 anos.
 - b) Se o neno está consciente e sen aparente problema, non é necesario vixialo nin solicitar valoración médica.
 - c) Debe coidarse a columna cervical e, ao mesmo tempo, evitar que, de aparecer vómito, este pase á vía aérea.
 - d) Sempre debe considerarse a posibilidade de que o neno sufra unha hipotermia.
26. O xogo sensóreo-motor descrito por Piaget caracterízase por:
- a) Ter lugar entre os dous e os sete anos de idade.
 - b) A imitación sistemática e a exploración do novo.
 - c) O neno actúa como se fose outra persoa.
 - d) A necesidade de que o neno acate unhas normas.
27. Entre os 8 e os 12 meses:
- a) O neno mostra unha clara preferencia por xogar en solitario.
 - b) Os xogos céntranse na "investigación" de que efectos producen os seus actos.
 - c) Divértense cos xogos de aparecer e desaparecer.
 - d) b e c son correctas.
28. Os xogos de destrución que describe Chateau:
- a) Baséanse no desexo de autoafirmación do neno.
 - b) Caracterízanse pola desorde e o arrebatado.
 - c) É un tipo de xogo non regrado.
 - d) Todas as respostas son correctas.
29. O xogo promove a creación de zonas de desenrolo potencial que, como sabemos, é a zona pola que moverse o neno para construír aprendizaxes significativas. Este caso é un exemplo de cómo o xogo favorece:
- a) O desenrolo cognitivo.
 - b) O desenrolo social.
 - c) O desenrolo motor.
 - d) O desenrolo afectivo.

30. Os xoguetes dentro da aula:
- a) Deben situarse no alto, para sexa o profesor o que decida as actividades a realizar.
 - b) Deben situarse ó alcance dos nenos para favorecer a liberdade de elección e de acción.
 - c) Deben situarse no alto, pero de modo que sexan visibles polos nenos, así estimulamos a linguaxe verbal, se necesitan pedirnos o que desexan.
 - d) Ningunha das anteriores.
31. Podemos estimular ao neno para recoller:
- a) Os nenos de educación preescolar e infantil non teñen capacidade para recoller os xoguetes.
 - b) Poñemos unha etiqueta cun código sinxelo no lugar onde se garda o material.
 - c) O castigamos cada vez que deixa un xoguete sen recoller.
 - d) O ameazamos con tirar os xoguetes se non os recolle.
32. Polo que fai referencia ao manexo inicial do neno que sofre a entrada dun corpo extraño no ollo, sinala o falso:
- a) Debe evitarse que o crío se frote os ollos.
 - b) Se a pesar do lagrimeo, o corpo extraño non sae espontaneamente, débese efectuar un lavado ocular con auga tibia.
 - c) Se co lavado non se logra sacar o corpo extraño, pode tirarse suavemente da pálpebra, e se se ve, tratar de sacalo cunha torunda ou mecha de algodón ou cunha punta dun pano limpo.
 - d) Se o corpo extraño está introducido no propio globo ocular, debe extraerse a toda costa.
33. Entre as características da familia non se atopa:
- a) A familia constitúe o primeiro medio que coñece o neno adquirindo nel as primeiras pautas de comportamento.
 - b) A familia é a iniciadora na socialización, novas aprendizaxes e linguaxe.
 - c) A familia é un escenario protexido no que o neno pode "ensaiar" novas habilidades.
 - d) A familia sempre é un entorno protexido e seguro.
34. Tódolos seguintes son algúns dos mecanismos dos que se serve a familia para a súa educación. Un deles é incorrecto. Sináleo:
- a) Interaccións a través das cales canalízanse e exprésanse as expectativas e os afectos.
 - b) Os membros da familia actúan como modelos de comportamento.
 - c) A familia recompensa as condutas adecuadas e castiga as incorrectas, co que contribúe á modulación da conduta.
 - d) As aportacións e valoracións dos pais ao principio teñen a mesma relevancia ca das outras persoas.

35. A continuación preséntanse unha serie de enunciados con relación á familia xunto ca palabra verdadeiro ou falso. Sinala o emparellamento correcto:
- a) Na familia o neno aprende a adaptarse aos demais e a convivir: falso.
 - b) A familia constitúe o medio no que o neno forma e adquire a linguaxe: falso.
 - c) A familia inicia ao neno na formación de moitos hábitos: verdadeiro.
 - d) A familia constitúe o medio no que o neno forma e adquire a linguaxe: falso.
36. Entre as funcións do educador de EI non se atopa:
- a) Favorecer e estimular o desenvolvemento integral, a comunicación e a aprendizaxe.
 - b) Organizar o ambiente educativo, vixiando as condicións hixiénicas , sanitarias e de seguridade.
 - c) Participar nas adaptacións curriculares como membro do equipo docente.
 - d) Avaliar programas e actividades de educación e atención á infancia.
37. A continuación cítanse algunhas das formas habituais de establecer relación coa familia cunha sintética explicación das súas características. Unha das alternativas propostas é errónea. Identifícaa:
- a) Para reunións xerais é necesario prever as condicións de espazo e o lugar do encontro.
 - b) Os contactos informais diarios poden ser á chegada e á saída ou no marco da aula e versan sobre pequenas incidencias.
 - c) As notas informativas son de carácter ocasional e soen tratar de aspectos organizativos, administrativos,...
 - d) As axendas persoais son unha forma de comunicación por escrito que se caracteriza pola súa reciprocidade e continuidade.
38. Enténdese por adaptacións curriculares (AC):
- a) Os diferentes programas de desenrolo individual realizados por un profesional e que se aplican no domicilio familiar.
 - b) Os axustes ou modificacións que se realizan nos diferentes elementos da oferta educativa común, para dar resposta ás distintas necesidades de aprendizaxe dos alumnos.
 - c) As programacións específicas que se realizan para os alumnos de educación especial.
 - d) As modificacións arquitectónicas que se realizan nun centro escolar para eliminar as barreiras arquitectónicas.

39. Os obxectivos educativos, a metodoloxía, os contidos e a avaliación son:
- a) Elementos básicos do currículo.
 - b) Elementos de acceso ao currículo.
 - c) Elementos xerais do currículo.
 - d) Elementos adaptables do currículo.
-
40. Dentro das parasomnias destacamos as seguintes. Sinala a incorrecta:
- a) Sonambulismo.
 - b) Insomnio.
 - c) Somniloquia.
 - d) Enuresis nocturna.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. O neno con retraso madurativo:
- a) Logra as novas adquisicións e progresos nunha orde diferente ao resto dos nenos.
 - b) Presenta un ritmo de desenvolvemento máis lento que o resto.
 - c) Presentará durante toda a súa vida un nivel de desenvolvemento inferior á media.
 - d) Todas son correctas.
2. As dificultades na adquisición da linguaxe que se contemplan nas Necesidades Educativas Especiais de carácter transitorio débense a:
- a) Déficit intelectual.
 - b) Déficit sensorial.
 - c) Déficit conductual.
 - d) Ningunha das anteriores.
3. O bebé autista:
- a) Desenvolve correctamente as conductas de apego.
 - b) Sinte moita curiosidade polo ambiente que lles rodea.
 - c) É hiperexcitable e irritable.
 - d) Adáptase moi ben aos cambios e novidades.
4. A adaptación curricular necesita dun coñecemento o máis amplo posible dentro do centro educativo, do seu entorno, do grupo de alumnos e de cada alumno concreto. Este é o principio de :
- a) Realidade.
 - b) Normalización.
 - c) Contextualización.
 - d) Significatividade.